

Resolución do 17 de xaneiro de 2023 da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, pola que se fixa a contía das subvencións non condicionadas para gastos de funcionamento das formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia

I. En virtude do establecido na Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, a Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos seus orzamentos xerais do exercicio correspondente, outorgará ás formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia e que en cada exercicio presenten declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiarias, subvencións anuais non condicionadas para gastos de funcionamento nos que as ditas formacións incorran no territorio da Comunidade Autónoma.

En cumprimento do artigo 35.1 da Lei 9/2015, e de acordo co artigo 14.2.a) da Ley 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as declaracións responsables referidas no parágrafo anterior deberán formalizarse e asinarse electronicamente no modelo establecido no procedemento PR004A, regulado na Orde de 4 de maio de 2017, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se aproba a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado.

A presentación realizarase na Sede electrónica da Xunta de Galicia, no prazo dos 10 días seguintes á entrada en vigor da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 na seguinte ligazón:

<https://sede.xunta.gal/formularios/cumplimentacion/novo/PR004A>

De acordo coa Lei 9/2015, estas subvencións contémpanse expresamente no artigo 2 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, dentro da relación de recursos económicos das formacións políticas, estando expresamente excluídas da normativa xeral en materia de subvencións con arranxo ao previsto no artigo 4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

II. Tendo en conta os resultados xerais e por circunscripcións e a relación de deputados e deputadas proclamados electos nas Eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o día 12 de xullo de 2020, publicados por Acordo de 27 de xullo de 2020 da Xunta Electoral de Galicia (DOG nº151 do 29 de xullo de 2020), acadaron representación no Parlamento de Galicia, coa

distribución de votos e número de escanos que, para cada unha delas, se relaciona a continuación, as seguintes formacións políticas:

	<u>VOTOS</u>	<u>ESCANOS</u>
PARTIDO POPULAR (PP)	627.762	42
PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)	253.750	14
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)	311.340	19

II. Na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 consígnase un crédito de 2.000.000 € na aplicación orzamentaria 06.05.161A.481.0 para todo o ano 2023.

III. A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias é o órgano ao que se atopa adscrito o crédito orzamentario indicado, de acordo coa clasificación orgánica que se deriva da Lei de Orzamentos, polo que resulta competente para ditar a resolución na que se fixe a contía da subvención correspondente a cada formación política de conformidade co disposto no artigo 35.2 da Lei 9/2015.

IV. Os criterios obxectivos a ter en conta para a fixación da contía da subvención correspondente a cada formación política son aplicación das regras de reparto establecidas no artigo 33.2. da Lei 9/2015.

V. Á vista do Acordo de 27 de xullo de 2020 polo que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados e deputadas proclamados electos nas eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o día 12 de xullo de 2020, procede realizar o reparto da cantidade a aboar ás formacións políticas que obtiveron representación parlamentaria segundo os criterios obxectivos establecidos nas regras de reparto do artigo 33.2 da Lei 9/2015. Así, o crédito da aplicación orzamentaria destinada a este fin dividirase en dúas partes:

O 40% do crédito consignado (800.000 €) distribuirase entre as formacións políticas que reúnan os requisitos para seren beneficiarias en proporción ao número de escanos obtidos por cada unha delas nas últimas eleccións ao Parlamento de Galicia.

O 60% do importe do crédito consignado (1.200.000 €) distribuirase en razón do número total de votos obtidos por cada formación política nas últimas eleccións ao Parlamento de Galicia.

O coeficiente de reparto correspondente aos votos obtidos polas formacións políticas que obtiveron representación no Parlamento de Galicia (1.192.852 votos en total), calculado sobre o 60% do crédito orzamentario previsto (1.200.000 €), é de 1,005992361 € por voto.

O coeficiente de reparto en atención aos 75 escanos existentes no Parlamento de Galicia, calculado sobre o 40% do crédito orzamentario previsto (800.000 €) é de 10.666,6667 € por escano.

VI. Vistos os resultados oficiais das eleccións autonómicas ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020, e de acordo con todo o exposto anteriormente,

RESOLVO

Fixar a contía das subvencións para gastos de funcionamento nos que incorran as formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia, no territorio da Comunidade Autónoma durante o exercicio 2023 que, de acordo coa aplicación dos anteriores coeficientes, queda establecida do seguinte xeito:

ASIGNACIÓN DE CONTÍAS EN CÓMPUTO ANUAL							
FORMACIONES POLÍTICAS	VOTOS OBTIDOS	COEFICIENTE MULTIPLICADOR	CONTÍA POR NÚMERO DE VOTOS (€)	ESCANOS OBTIDOS	COEFICIENTE MULTIPLICADOR	CONTÍA POR NÚMERO DE ESCANOS (€)	IMPORTE TOTAL ANUAL (€)
PP	627.762	1,005992361	631.523,78	42	10.666,6667	448.000,00	1.079.523,78
BNG	311.340		313.205,66	19		202.666,67	515.872,33
PSdeG-PSOE	253.750		255.270,56	14		149.333,33	404.603,89



FORMACIÓNS POLÍTICAS	IMPORTE, prorrateado por doceavas partes
PP	89.960,31
BNG	42.989,36
PSdeG-PSOE	33.716,99

O aboamento se efectuará por meses naturais, na conta bancaria indicada polas formacións políticas na declaración responsable presentada, prorrateándose por días os períodos inferiores a un mes, salvo o primeiro pago, que poderá comprender máis dunha mensuralidade.

De conformidade co previsto no artigo 3.catro da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, e co artigo 34 da Lei 9/2015, as subvencións previstas nesta resolución serán incompatibles con calquera outra axuda económica ou financeira incluída nos orzamentos xerais do Estado ou nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia destinada ao funcionamento das formacións políticas, agás as sinaladas no artigo 2.un da dita lei orgánica.

Procederá a suspensión do pagamento das subvencións nos supostos previstos nos puntos cinco, sete e oito do artigo 3 da Lei Orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, e no artigo 36.2 da Lei 9/2015.

Para a fiscalización das subvencións para gastos de funcionamento, de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 9/2015, haberá que aterse ao disposto na Lei Orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, sen prexuízo das normas concretas sobre gastos subvencionables e procedemento de xustificación que a Xunta de Galicia poida ditar en desenvolvemento da Lei 9/2015.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

(Asinado dixitalmente)